
España e Portugal crearán unha infraestrutura común en computación distribuída e supercomputación

- Actualizado (11.05.2007)

Os ministros de Educación e Ciencia de España e Portugal, Mercedes Cabrera Calvo-Sotelo e José Mariano Gago, respectivamente, anunciarán o vindeiro luns en Santiago a creación dunha potente infraestrutura conxunta entre ambos países en materia de computación distribuída GRID e de supercomputación. O anuncio producirase no marco da I Conferencia Ibérica IBERGRID, que terá lugar no Pazo de Congresos de Santiago de Compostela entre o 14 e o 16 de maio.

A computación distribuída ou grid, deseñada para resolver problemas demasiado grandes para calquera supercomputadora, é unha infraestrutura que permite a integración e o uso colectivo de ordenadores de alto rendemento, redes e bases de datos que son propiedade e están administrados por diferentes institucións.

IBERGRID debe ser unha marca que simbolice unha cooperación ampla e aberta entre España e Portugal en materia de e-Ciencia, así como unha alianza estratéxica para defender en común os intereses de ambos países na Unión Europea, particularmente, os relacionados coa cooperación con Latinoamérica, Área Mediterránea e África Central.

O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) é o organismo encargado de organizar esta primeira edición da Conferencia Ibérica IBERGRID, que terá unha periodicidade anual, movéndose xeograficamente por diferentes cidades de España e Portugal. Na cerimonia oficial de apertura falarán os responsables de Educación e Ciencia de España e Portugal, o responsable de infraestructuras para investigación na Comisión Europea, Mario Campolargo, e o conselleiro de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, Fernando Blanco, en calidade de anfitrión.

Entre os poñentes atópanse tamén Ramón Gavela, do Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT), que actúa en representación dos membros da Comisión Mixta encargados de confeccionar e supervisar o plan de implantación desta infraestrutura.

A conferencia espertou grande interese tanto a nivel de asistentes como de patrocinadores. No Pazo de Congresos de Santiago concentráronse durante os tres días das xornadas ao redor de 150 persoas, na súa maioría membros de diferentes universidades e centros tecnolóxicos e de investigación repartidos por toda a xeografía española e portuguesa. O elevado grado de especialización e a relevancia internacional do Plan IBERGRID espertou tamén o interese de empresas punteiras no sector tecnolóxico como Bull, Dell, Fujitsu Siemens, Sun Microsystems, Intel, HP Invent ou Telindus, que patrocinan a conferencia.

O acto de inauguración da Conferencia terá lugar ás 10.30 da mañá do luns. Ás 11.30 a ministra Cabrera e o ministro Gago darán unha rolda de prensa. Tanto a sesión inaugural como o resto de conferencias serán retransmitidas en directo a través da páxina web www.ibergrid.eu